

Expediente: 21/2024

Asunto: Resolución petición de acceso á información pública

Interesada: [REDACTED]

Con data 04 de novembro de 2024 tivo entrada na Universidade de Vigo, a través da sede electrónica da Universidade de Vigo unha solicitude de acceso á información pública ao amparo da Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno e do Regulamento de transparencia e de acceso á información pública da Universidade de Vigo, na que solicita:

- *Actualización de los datos del curso 23-24 en el SID, para que los miembros de la comunidad universitaria pueda consultarlos a través de Secretaria Virtual*
- *Se me remitan los siguientes datos numérico/estadísticos de todas las materias de los Grados de Administración y Dirección de Empresas (GADE) y Grado en Economía (GECO) del curso 23-24 incluyendo los siguientes datos:*
 - *Número de estudiantes, totales y por nºmatricula, por cada materia del curso 23-24 en la F.CC.EE.EE.*
 - *Resultados (número total de estudiantes) en todas las materias impartidas/evaluadas, de todas y cada una de las calificaciones (No Presentado, Suspenso, Aprobado, Notable, Sobresaliente, MH, así como Reconocimientos) en cada una de las convocatorias oficiales de referido curso 23-24.*
 - *Número de egresados totales y por convocatoria (ordinaria, extraordinaria, FinGrado) en dicho curso.*

Unha vez analizada a solicitude, a Universidade de Vigo comproba que a información solicitada non se atopa en ningunha das causas de inadmisión establecidas na lexislación polo que se procede a súa tramitación.

Do análise da información solicitada, compróbase que a información solicitada non está entre os límites previstos na normativa de transparencia.

A información solicitada por vostede fai referencia o DataMart de Xestión Académica da aplicación informática UNIDATA, que é accesible a través da Secretaría Virtual polo módulo SID (Acceso aos informes do Sistema de Información á Dirección). O sistema DataMart de Xestión Académica está programado para obter a información da aplicación informática de xestión

académica XESCAMPUS. Esta aplicación dispón de datos ata o curso 2022/2023, e a partir do curso académico 2023/2024 implementouse na universidade unha nova aplicación de xestión académica denominada SIGMA. Polo tanto, o DataMart de Xestión Académica (SID), só ten información actualizada ata o curso 2022/2023, os datos que ofrece do curso 2023/2024 non son completos e responden a rexistros feitos na aplicación XESCAMPUS no período de implementación da nova aplicación SIGMA.

Unha vez se establece o proceso de implementación da nova aplicación de xestión académica SIGMA, é preciso programar un novo DataMart de Xestión Académica con aquelas consultas ofrecidas a través do SID, coma novas que se requiran.

Por isto, esta Secretaría Xeral RESOLVE:

Non poden acceder ao seu pedimento polo anteriormente exposto namentres non se programe un novo DataMart de Xestión Académica e se faga accesible a información.

Contra a presente resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer recurso perante a xurisdición contencioso-administrativa no prazo de dous meses de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa ou, previa e potestativamente, reclamación perante a Valedora do Pobo que será resolta pola Comisión de transparencia de Galicia no prazo dun mes; en ambos casos, o prazo contarase dende o día seguinte ó da notificación da presente resolución.

Vigo, data da sinatura dixital

A Secretaría Xeral